

Denuncia ante a Comisión Europea por vulneracións do Dereito da Unión cometidas polas administracións públicas españolas no contexto dos procedementos de autorización de instalación eólicas na Comunidade Autónoma de Galicia



Santiago de Compostela, xuño de 2022

ÍNDICE

	Páx.
I. Introducción.	3
II. Asociacións denuncianteas e obxecto da presente denuncia.	4
II.1. Asociacións denuncianteas.	4
II.2. Obxecto da presente denuncia.	4
III. Feitos obxecto de denuncia e normativa da Unión vulnerada.	5
III.1. Vulneración sistemática da Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao acceso do público á información ambiental, na tramitación dos procedementos administrativos relativos ás autorizacións de parques eólicos en Galiza: supostos concretos.	5
III.2. Contravención do Dereito da Unión na execución dos trámites de información pública por redución de prazos á metade e por falta de posta ao dispor de informes sectoriais: vulneración do disposto no artigo 6 da Directiva 2011/92/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011 relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.	39
III.3. Vulneración da normativa da Unión a través do outorgamento de autorizacións administrativas para a construción e posta en funcionamento de proxectos eólicos artificialmente fragmentados.	52
III.4. Vulneración do artigo 5 da Directiva 2011/92/UE a través da autorización administrativa de proxectos en cuxa Declaración de impacto ambiental non se propoñen alternativas, considerando os efectos ambientais.	59
III.5. Vulneración da Directiva 2011/92/UE por parte das disposicións contidas no Real Decreto-lei 6/2022, de 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína.	60
IV. Anexo documental	69

I. Introducción.

Os Estados membros deberán responder dos danos ocasionados por incumprimento do Dereito comunitario. Este principio foi establecido polo Tribunal de Xustiza da CE desde a sentenza Francovich e Bonifacci do 19 de novembro de 1991, xurisprudencia que foi confirmada en sentenzas posteriores (Faccini Dori, do 14 de xullo de 1994, Rec. I-3347, ou Braserie du pêcheur e Factortame, asuntos acumulados C-46/93 e C-48/93, do 5 de marzo de 1996, Rec. I-1131).

Expoñeranse a continuación unha serie de actuacións administrativas que se levaron recentemente a cabo por parte da Administración do Estado español e da Xunta de Galicia (administración autonómica), todas elas relacionadas cos procedementos de avaliación ambiental e autorización administrativa previa para a construción e posta en funcionamento de diversos parques eólicos sitios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Máis aló das vulneracións directas da normativa comunitaria que como consecuencia das mentadas actuacións se produciron, e que se enumeran no apartado correspondente aos fundamentos xurídicos do presente escrito de denuncia, cómpre considerar, a fin de ponderar adecuadamente a dimensión cuantitativa e cualitativa do problema que se vai expoñer, que estamos a experimentar neste momento en España, e en particular en Galicia e o resto da cordilleira cantábrica, un desenvolvemento anárquico e descontrolado en materia de implantación de instalacións de produción eólica, sustentado administrativamente nun corpo normativo adaptado á medida dos promotores daquelas instalacións, e asentado sobre o espurio obxectivo da simplificación administrativa.

Tal pretendida simplificación, en particular, leva aparellada a merma -cando non aniquilación- dos dereitos de participación pública en materia medioambiental, e susténtase, no caso dos procedementos aplicables na Comunidade Autónoma de Galicia para a construción e posta en funcionamento de novos parques eólicos ou para a repotenciación dos mesmos, sobre tres elementos fundamentais: a absoluta discrecionalidade administrativa á hora de atribuírles aos proxectos a consideración de prioritarios ou de especial interese, a consecuente redución de prazos de tramitación, e o solapamento dos procedementos de información pública e os trámites de evacuación de informes, que de facto impide que os mentados procedementos de información pública se desenvolvan coas mínimas garantías.

Centrarase a presente denuncia, por tanto, no relativo á vulneración do Dereito da Unión no contexto dos procedementos de tramitación administrativa das autorizacións referidas. A consecuencia inmediata desa vulneración será, como se acaba de referir, o menoscabo dos dereitos de participación pública en materia ambiental. Con todo, e igualmente en termos de contextualización, debe considerarse que a segunda consecuencia do sinalado é de facto que se viabiliza e se promove administrativamente a vulneración das directivas comunitarias en materia de protección do medio ambiente, cuestión que será obxecto de denuncia independente que resulta complementaria á presente.

II. Asociacións denunciante e obxecto da presente denuncia.

II.1. Asociacións denunciante.

D. Roi Cuba Dorado, con DNI [REDACTED] como máximo representante legal da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con CIF [REDACTED] e enderezo a efectos de notificación Avenida de Castelao, 20 Baixo, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña) presenta esta denuncia no seu nome propio, no da entidade que representa e no das entidades e colectivos que forman parte da Coordinadora Eólica Así Non e que figuran referidas no Anexo I do presente documento, parte das cales achegaron neste informe documentación acreditativa dos feitos denunciados.

II.2. Obxecto da presente denuncia.

A presente denuncia, que se referirá a supostos concretos de tramitación de autorizacións relativas a parques eólicos na Comunidade Autónoma de Galicia, acreditará as seguintes vulneracións do Dereito da Unión:

- Vulneración sistemática da Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao acceso do público á información ambiental, na tramitación dos procedementos administrativos relativos ás autorizacións de parques eólicos en Galicia.

- Vulneración do disposto no artigo 6 da Directiva 2011/92/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011 relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Vulneración da normativa da Unión a través do outorgamento de autorizacións administrativas para a construción e posta en funcionamento de proxectos eólicos artificialmente fragmentados.
- Vulneración do artigo 5 da Directiva 2011/92/UE a través da autorización administrativa de proxectos en cuxa Declaración de impacto ambiental non se propoñen alternativas, considerando os efectos ambientais.

III. Feitos obxecto de denuncia e normativa da Unión vulnerada.

III.1. Vulneración sistemática da Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao acceso do público á información ambiental, na tramitación dos procedementos administrativos relativos ás autorizacións de parques eólicos en Galiza: supostos concretos.

A Directiva 2003/4/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso ao público á información ambiental, e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE, establece entre os seus obxectivos a necesidade de garantir que, de oficio, a información ambiental se difunda e se poña ao dispor do público paulatinamente co obxecto de lograr unha difusión o máis ampla e sistemática posible da mentada información.

Esta Directiva, así como a 2003/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público en determinados plans e programas relacionados co medio ambiente, traspuxéronse ao ordenamento xurídico español a través da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Dita Lei ten por obxecto tres puntos principais, a saber: regular o acceso á información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou no de outros suxeitos que a posúan no seu nome, regular a participación nos procedementos para a toma de decisións sobre asuntos que incidan, directa ou

indirectamente, no medio ambiente, e cuxa elaboración ou aprobación corresponda ás Administracións Públicas, e establecer o principio de revisión administrativa e xudicial dos actos e omisións imputables a calquera das autoridades públicas que supoñan vulneracións da normativa ambiental.

En aras de non estendernos de maneira innecesaria, procede aludir directamente á seguinte escolla de concretos procedementos administrativos de tramitación de autorizacións de parques eólicos en Galicia nos que se vulnera o Dereito da Unión. De cada un dos casos referidos acompáñase o correspondente Anexo documental.

Dos feitos que se expoñen e do soporte dos mesmos nos documentos Anexos non se pode por menos que concluír que no que se refire ao acceso á información ambiental desde a vertente pasiva, é dicir, previa solicitude ante a administración tramitadora, máis aló da vulneración do Dereito interno, a vulneración do artigo 3 da Directiva 2003/4/CE -e tamén do disposto no Convenio de Aarhus- resulta ser groseira e constante.

Os casos concretos obxecto de análise e denuncia son os que seguen:

Caso nº 1. P.E. SERRA DO ORIBIO

Expediente Nº. 071/EOL

Administración tramitadora do procedemento: Xunta de Galiza

Concellos: Samos e Triacastela (Lugo)

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición dos feitos:

A modificación do proxecto Parque Eólico Serra do Oribio foi tratada con total opacidade por parte da Xunta de Galicia e, especialmente, pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, dependente no seu momento da Consellaría de Industria. A asociación ecoloxista ADEGA tardou preto de OITO MESES en poder acceder ao expediente, e só puido acceder unha vez o proxecto foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, e non durante a tramitación do expediente. Os prazos de resposta da Xunta ás solicitudes de información de ADEGA foron adiados intencionadamente pola

administración pública para demorar tamén a resposta favorable ao acceso ao expediente e impedir que este acceso puidese ser efectivo antes de terse aprobado o proxecto.

Tampouco foi atendida a solicitude de ADEGA para ser considerada como parte interesada no expediente ata que o proxecto foi definitivamente aprobado. ADEGA viuse obrigada a reiterar a súa solicitude de acceso ao expediente até en CATRO ocasións e tivo que agardar TRES MESES ata ter acceso efectivo á documentación, mais cando xa o proxecto estaba definitivamente aprobado.

A Xunta tamén dilatou intencionadamente DOUS MESES a súa resposta á solicitude da suspensión do prazo de resolución do expediente, para poder denegala en virtude de que o expediente xa estaba formalmente resolto.

Datos relevantes:

07/01/2019. ADEGA solicita acceso e a consideración como parte interesada no expediente 071-EOL relativo ao PE Serra do Oribio e modificación do proxecto eólico, diante da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia.

08/02/2019. ADEGA reitera a solicitude de acceso ao expediente referido diante da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia.

28/02/2019. ADEGA reitera a solicitude de acceso ao expediente referido diante da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia.

15/05/2019. Recíbese notificación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas coa resolución favorable ao acceso ao expediente referido, pero indícase que o acceso non poderá ser efectivo ata ter transcorrido DOUS MESES, segundo o disposto no artigo 22.2 da Lei 9/2013, de Transparencia. Daquela a D.X. de Enerxía e Minas xa sabía que a aprobación do proxecto tería lugar antes de que ADEGA puidese acceder ao expediente.

28/05/2019. ADEGA solicita a suspensión do prazo de resolución do expediente de modificación do proxecto eólico mentres esta asociación non poida ter acceso efectivo ao expediente, pois o adiamento do acceso da organización ao expediente discrimina á entidade solicitante fronte a entidade promotora do proxecto, cuxa tramitación segue o seu curso.

27/06/2019. O Consello da Xunta de Galicia aproba a modificación da aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico de Oribio. ADEGA descoñecía esta información.

04/07/2019. A Dirección Xeral de Enerxía e Minas resolve facer público o acordo do Consello da Xunta do 27 de xuño de 2019, polo que se aproba a modificación da aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico de Oribio. ADEGA descoñecía esta información.

17/07/2019. ADEGA reclama o acceso efectivo ao expediente unha vez transcorridos os DOUS MESES, ao non recibir notificación algunha da Xunta conforme ADEGA xa pode acceder de xeito efectivo ao expediente, pois en tal notificación non se indica como facelo, nin tampouco se achega ningún enlace de descarga do expediente ou CD-ROM coa copia do expediente, malia a ser solicitado e ter pagado as correspondentes taxas.

29/07/2019. DOUS MESES despois de ter presentado ADEGA a suspensión do prazo de resolución do expediente de modificación do proxecto eólico, a Subdirección Xeral de Enerxía comunica a ADEGA que inadmite a súa solicitude por estar xa resolta a aprobación da modificación, "polo que non se pode paralizar un prazo de resolución concluso". A modificación fora aprobada o día anterior polo Consello da Xunta de Galicia. A dilación na resposta da Xunta leva a pensar que foi intencionada para poder inadmitir a solicitude de ADEGA de suspensión da tramitación.

09/08/2019. A xefatura territorial da Consellaría de Industria en Lugo envía copia do expediente de referencia ás dependencias da delegación de ADEGA en Lugo en formato dixital, unha vez aprobada autorización do proxecto.

14/08/2019. Tan só 5 días despois de que de ADEGA puidese acceder de xeito efectivo ao expediente, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas publica no Diario Oficial de Galicia (DOG) o acordo do Consello da Xunta do 27 de xuño de 2019 polo que se aproba a modificación da aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do parque eólico Serra do Oribio.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.1 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 2. P.E. MONTE DA NEVE (I)

Expediente Nº. IN408A 2020/102

Administración tramitadora do procedemento: Xunta de Galiza

Concellos: Celanova e Vereá (Ourense)

Entidade denunciante: Stop Eólicos Xurés-Celanova

Enderezo electrónico: xurescelanova2021@gmail.com

Tfno.: +34 657231402

Descrición dos feitos:

Con data 10/12/2021 publicáronse no DOG as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Monte da Neve. Con data de 27/12/2021, a plataforma Stop Eólicos Xurés-Celanova rexistrou no Concello de Celanova un escrito dirixido á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación advertindo do uso dun idioma non oficial en Galicia na documentación que se somete a información pública do proxecto de central eólica Monte da Neve entre Celanova e Vereá.

Nese escrito, indícase que o anexo número 14 do proxecto a exposición pública, referido ás características técnicas do modelo de aeroxerador previsto, e que se incorpora como parte do Estudo de Impacto Ambiental, está en lingua inglesa. A lingua inglesa non é lingua oficial en Galicia, polo que se dificulta a participación pública no procedemento de alegacións, indica a plataforma e reclama que se corrixa ese erro e se amplíe o prazo de alegacións para facilitar o trámite de alegacións no que se sostén a participación pública neste tipo de procedementos.

O 25/01/2022 rematou o prazo de alegacións sen que se tivesen contestado as denuncias presentadas na Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta, nin a presentada polo BNG de Celanova diante da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

TRES MESES despois, o 24/04/2022, a Valedora do Pobo responde á queixa da Mesa pola Normalización Lingüística, informando de que recomendou á vicepresidencia

Segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación a reparar o defecto de exposición pública e publicar de novo os documentos incorporados ao expediente do proxecto eólico que foron publicados en inglés, pero traducidos ás linguas oficiais.

Datas relevantes:

10/12/2021. Publicación no DOG e inicio do prazo de alegacións que remataría o día 25/01/2022.

14/12/2021. A entidade Mesa pola Normalización Lingüística rexistra queixa diante da Valedora do Pobo, e tamén da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía.

27/12/2021. Stop Eólicos Xurés Celanova rexistra queixa diante da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía: <https://xurescelanova.fala.gal/2021/12/28/a-promotora-do-monte-da-neve-presenta-documento-en-ingles-a-xunta-debe-corrir-e-ampliar-prazo-de-alegacions/>.

30/12/2021. O BNG de Celanova rexistra queixa diante da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía: <https://www.facebook.com/BNG.Celanova/posts/3013750042223000>

25/01/2022. Remata o prazo de alegacións sen que se teña dado resposta ningunha estas queixas.

21/04/2022. A Valedora do Pobo responde á queixa da Mesa pola Normalización Lingüística informando de que recomendou Á vicepresidencia Segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación “que este organismo indique en que páxinas do proxectos esta integramente incorporada a tradución dos anexos en outras linguas non oficiais ou ben que publique eses documentos traducidos a ambas linguas oficiais da comunidade autónoma”. A Valedora do Pobo recoñece deste xeito que a queixa presentada pola Mesa de Normalización Lingüística ten fundamento legal e insta á súa reparación.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.2 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 3. P.E. MONTE DA NEVE (II)

Expediente Nº. IN408A 2020/102

Administración tramitadora do procedemento: Xunta de Galiza

Concellos: Celanova e Vereá (Ourense)

Entidade denunciante: Stop Eólicos Xurés-Celanova

Enderezo electrónico: xurescelanova2021@gmail.com

Tfno.: +34 657231402

Descrición dos feitos:

Con data 10/12/2021 publicáronse no DOG as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Monte da Neve. Con data 24/01/2022 membros da plataforma Stop Eólicos Xurés-Celanova acoden ao rexistro municipal de Vereá, na Casa do Concello, coa intención de rexistrar varias alegacións aos documentos en exposición pública.

O funcionario ao cargo admite a rexistro só as alegacións asinadas polas dúas persoas presentes no rexistro, mais non o resto de alegacións asinadas por outras veciñas e que estas dúas persoas solicitaron rexistrar. O funcionario informa verbalmente que a lei [refírese ao art.5 da Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas] esixe que determinados escritos se presenten a rexistro pola persoa asinante. O citado artigo, no seu punto 3., di: "*3. Para formular solicitudes, presentar declaraciones responsables o comunicaciones, interponer recursos, desistir de acciones y renunciar a derechos en nombre de otra persona, deberá acreditarse la representación. Para los actos y gestiones de mero trámite se presumirá aquella representación.*"

Ese mesmo día, 24/01/2022, dous membros da plataforma Stop Eólicos Xurés Celanova acoden ao rexistro municipal de Celanova e presentan a rexistro 230 alegacións, que son admitidas sen ningún tipo de impedimento ao amparo da mesma lei e do mesmo artigo.

A plataforma ponse en contacto telefónico co alcalde de Vereá para explicarlle a discriminación á que están sendo sometidas veciñas de Vereá que non poden rexistrar as alegacións no seu concello.

Datos relevantes:

24/01/2022. A un día do peche do prazo de alegacións, Stop Eólicos Xurés Celanova intenta rexistrar varias alegacións no Concello de Vereá. O funcionario só admite a rexistro os dous escritos asinados polas persoas presentes, e non o resto de escritos que levan estas persoas e veñen asinados por outras veciñas.

Nesa mesma data, no Concello de Celanova, o outro concello afectado polo proxecto, dúas persoas rexistran 230 alegacións, a maioría van asinadas por veciñas que non se atopan presentes no momento do rexistro, mais o trámite cúmprese ao amparo da mesma lei.

Caso nº 4. PARQUES EÓLICOS DE VALDEPEREIRA E PICO SECO

Expediente Nº: IN661A DXIEM-04/11 e IN661A DXIEM-05/11

Administración tramitadora do procedemento: Xunta de Galiza

Concellos: O Irixe e Lalín.

Entidades e persoas denunciante: Club Roteiros de Lalín e veciños de Lalín e O Irixe (membro da Comunidade de Montes de Ermida do Campo do Irixe).

Enderezo electrónico: roteirosdelalin@gmail.com, taboadalousado@gmail.com

Tfno.: +34 665820790

Descrición dos feitos e referencia ás datas relevantes:

No trámite de exposición pública dos proxectos dos parques eólicos de Valdepereira e Pico Seco entre os Concellos de Lalín e O Irixe producíronse una serie de gravísimas irregularidades, segundo relatan nos seguintes termos as entidades interesadas naquel procedemento:

Que no DOG do día 7 de decembro de 2021 saíron a exposición pública os proxectos dos parques eólicos de Valdepereira e Pico Seco entre os Concellos de Lalín e de O Irixe. Na resolución aparecía un enlace de internet para descargar a información. Había un prazo de 15 días hábiles para presentación de alegacións que comezou o día 9 de decembro de 2021 e rematou o día 29 de decembro de 2021.

Tras reiterados intentos para descargar a documentación do enlace de internet foi imposible acceder á información ata o día 16 de decembro de 2021, cando xa pasaran 7 días do prazo da exposición pública. Posteriormente, as entidades denuncianteas tiveron coñecemento de que outra asociación (Petón do Lobo) presentara unha queixa por esta mesma circunstancia diante do órgano substantivo, e que a Xunta de Galicia recoñeceu por escrito notificado o día 15 de decembro que dito enlace non estivo operativo ata o día 14 de decembro de 2021, sen que, incomprendiblemente, e consecuentemente, ampliase o prazo de alegacións.

-Os proxectos tiñan que estar a exposición pública no Concello de O Irixe e no Concello de Lalín pois os parques eólicos proxectados afectan a estes dous Concellos. Sen embargo, os concellos de Lalín e O Irixe non fixeron a exposición pública correspondente de ditos expedientes ao público.

O Concello de Lalín omitiu por completo o trámite de exposición pública ao que estaba obrigado. O luns día 27 de decembro de 2021, a dous días de que rematase o prazo de alegacións, o representante do Club Roteiros de Lalín acudiu ao Concello de Lalín para examinar a documentación relativa a estes parques eólicos que debería estar a exposición. No Concello de Lalín, no departamento da Oficina Agraria, o Técnico de Medio Ambiente indicoulle ao interesado que a documentación non estaba exposta e, despois de insistir o interesado de que por lei debía darse o trámite de exposición pública no concello, o funcionario remitiuno ao Secretario Municipal. Preguntado o Secretario Municipal este dixo descoñecer tal cuestión malia a insistirle que a resolución do DOG de 7 de decembro indicaba que a documentación tiña que estar exposta nos concellos, o secretario remitiu ao interesado ao departamento de Urbanismo. No departamento de Urbanismo tamén indicaron descoñecer tal cuestión e que alí tampouco estaba a documentación. Despois de insistir reiteradamente, o Concello de Lalín recoñeceu por escrito que non fixo a exposición pública á que estaba obrigado. O Concello de Lalín certifica que "por razóns organizativas internas do Concello, dito expediente non se expuxo ao público nas datas sinaladas no escrito da Xunta de Galicia", recoñecendo que este Concello non fixo a exposición pública privando á veciñanza da posibilidade de coñecer os proxectos e de presentar no seu caso alegacións.

O Concello de O Irixe tampouco realizou o trámite de exposición pública ao que estaba obrigado. Neste caso, unha veciña do municipio acudiu ao Concello o día 23 de decembro de 2021 coa intención de consultar o expediente do proxecto eólico e tamén constatou que no concello do Irixe a documentación non estaba á exposición pública, polo que

presentou un escrito de queixa ao que o concello non deu resposta. Tamén se ten coñecemento de que a Secretaria-Interventora do Concello de O Irixo, faltando á verdade, certificou por escrito que se fixera o trámite de exposición pública neste Concello. Diante destes feitos, a veciña antedita presentou denuncia no Xulgado de Garda contra o concello por presunto delito de prevaricación administrativa e falsidade en documento público.

A normativa de avaliación ambiental establece que debía de haber publicacións nas páxinas web e nos taboleiros dos Concellos afectados (Lalín e O Irixo) e non había publicación algunha nas páxinas web dos concellos nin nos taboleiros de anuncios. Isto supón un flagrante incumprimento da normativa vixente, pois de conformidade co artigo 9.4. da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos, publicáranse anuncios no taboleiro de edictos, e no seu caso, na páxina web dos concellos afectados.

Despois de advertir graves irregularidades na exposición pública dos proxectos dos Parques Eólicos de Valdepereira e Pico Seco que se pretenden facer entre os Concellos de Lalín e O Irixo, o día 25 de xaneiro de 2022 presentouse escrito na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta de Galicia solicitando que se puxesen a exposición pública de novo os dous expedientes, trámites que non se realizaron convenientemente no Concello de Lalín nin no Concello de O Irixo, e sen que ata o día de hoxe teñamos resposta. Estando indefensos/as ante estas gravísimas irregularidades que vulneran dereitos fundamentais, e non tendo resposta algunha da Administración, presentouse queixa ante a Valedora do Pobo de Galicia a fin de solicitar o seu amparo nesta situación.

Cómpre salientar que as mesmas irregularidades descritas no caso de referencia estanse producindo en moitos outros procedementos de autorización de proxectos eólicos en Galicia. Nas resolucións de exposición pública das administracións tramitadoras dos procedementos -Estado e Xunta de Galicia- xa se omite que se faga a exposición pública nos concellos afectados, o que incumprir a normativa antes indicada. Isto aconteceu tamén en canto á liña eléctrica de evacuación destes parques eólicos (Valdepereira e Pico Seco), que se tramitou aparte, e tamén no parque eólico Marcofán, onde se omite que se faga a exposición pública nos concellos afectados.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no [Anexo II.3](#) ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 5. P.E. MAXAL E L.A.T. MAXAL-SE BELESAR

Expediente Acceso Información Nº. AIP-EN-SC-2021-93

Administración tramitadora do procedemento: Xunta de Galiza

Entidade denunciante: Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular

Enderezo: Outeiro, 4, Santa Cruz de Viana; CP 27519; Chantada (Galiza).

Enderezo electrónico: cupchantada@gmail.com

Tfno.: +34 626080082

Descrición dos feitos:

A pesar de estimarse o recurso dos denunciante perante a Comisión de Transparencia da Galiza, órgano dependente da Valedora do Pobo (equivalente na escala rexional ao Valedor do pobo europeo), e aínda cando a propia Resolución de acceso á información da xefa do Servizo de Ordenación e Coordinación da Dirección Xeral de Planificación enerxética e recursos naturais con data 17/11/2021 “concede acceso á información solicitada en relación ao proxecto da liña de evacuación do parque eólico Maxal”, a data 24/02/2022 non se ten dado efectivo acceso á “Solicitud de autorización administrativa de construción, aprobación do proxecto de interese autonómico e declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións de conexión do nó Belesar 132 kV: LAT 132 kV PE Maxal-SE Belesar, LMT 30 kV PE Prado Vello– Maxal”, da empresa promotora GALENERGY S.L., e ao “Estudo de Impacto Ambiental LMT 30 kV Prado Vello-Se Maxal, LAT 132 kV SE Maxa-SE Belesar” - Abril 2021.”.

Datas relevantes:

28/06/2021. Solicitud do proxecto do parque eólico Maxal, LAT Maxal-Belesar, mediante o modelo PR100A, diante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

05/06/2021. Resposta do xefe do servizo de avaliación ambiental de proxecto que indica que deben remitirse os interesados ao órgano substantivo, sen clarificar cal é.

06/06/2021. Solicitud do proxecto do parque eólico Maxal, LAT Maxal- Belesar formulada mediante o modelo PR100A (código solicitud 10871955), diante da Dirección Xeral de Planificación enerxética e recursos naturais, Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

23/07/2021. Comunicación por parte da Dirección Xeral de Planificación enerxética e recursos naturais de traslado a terceiros de solicitude de acceso á información EXP: AIP-EN-SC-2021-93.

23/08/2021. Escrito de alegacións do promotor da liña, Galenergy, opóndose ao acceso ao expediente da entidade denunciante (desestimadas pola Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de 17/11/2021).

29/09/2021. Escrito de queixa de Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular (exp. RSCTG 152/2021), na Comisión de Transparencia de Galiza.

17/11/2021. Resolución de procedemento de acceso a información, concedendo acceso á información solicitada en relación ao proxecto da liña de evacuación do parque eólico Maxal, asinado pola xefa do Servizo de Ordenación e Coordinación da Dirección Xeral de Planificación enerxética e recursos naturais.

02/12/2021. Resolución da Comisión de Transparencia que estima por motivos formais a reclamación presentada por Antom Fente Parada contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude de acceso perante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, e copia do expediente relativo á liña de evacuación do parque eólico do Maxal.

14/02/2022. Reiteración de solicitude de Por Chantada do proxecto do parque eólico Maxal, LAT Maxal- Belesar mediante o modelo PR004A, na Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no [Anexo II.4](#) ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 6. PARQUES EÓLICOS MESADA (Expediente Nº. IN661A2011/11-4), CUNCA (Expediente Nº. INA408A2019/02), RODEIRA e AXÓUXERE, e LIÑAS DE EVACUACIÓN LAT ÓRREA-MESADA (Expediente Nº. 2021/0048).

- Proxecto de solución da evacuación conxunta dos PE Axóuxere, PE Cunca e PE Rodeira (Vila de Cruces).
- LAT de evacuación dos PE Porcallos e PE Val do Folgoso (Lalín) por San Pedro (Vila de Cruces).
- Infraestrutura de evacuación do P.E. Cima de Vila (Agolada) Expte. PEol-405.

Administracións tramitadoras dos procedementos: Administración do Estado (Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico- MITERD) e Xunta de Galiza.

Entidade denunciante: Plataforma de Afectadas e Afectados de eólicos de Vila de Cruces.

Enderezo electrónico: afectadxseolicoscruces@gmail.com

Tfno.: +34 627101519

Descrición dos feitos:

Non houbo resposta por parte da Administración pública a ningunha das accións descritas no cronograma dos feitos. Dispónse dos orixinais das instancias xerais de solicitude así como das alegacións rexistradas.

Datas relevantes:

27/04/2021. A entidade denunciante dirixe á Secretaria Xeral técnica da Consellería de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, por medio de instancia xeral, solicitude de información relativa a:

- PE Mesada: Proxecto de execución, documento de inicio, proxecto sectorial, estudo de impacto ambiental, modificacións, lugares e datas de exposición pública, entidades notificadas e expediente completo proxecto.

- Documentos de inicio dos P.E. Axóuxere, Cunca e Rodeira.

12/05/2021. Preséntanse 309 Alegacións contra a L.A.T. de San Pedro (evacuación dos PE Porcallos e PE Val do Folgoso de Lalín) na Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno Pontevedra.

19/05/2021. Preséntanse 3530 alegacións contra o P.E. Cunca na Xefatura provincial de Pontevedra, de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

19/05/2021. Preséntanse 146 alegacións contra o documento de inicio do Proxecto de solución evacuación conxunta dos P.E. Axóuxere, PE Cunca e PE Rodeira (Vila de Cruces) diante da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

04/06/2021. Preséntanse 877 alegacións contra o documento de inicio da L.A.T. Órrea-Mesada, diante da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

22/07/2021. Preséntanse 163 alegacións contra o PE Cima de Vila (Agolada) e a súa infraestrutura de evacuación (Vila de Cruces e Lalín), na Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno de Pontevedra.

26/07/2021. Por medio dunha instancia xeral solicítase no rexistro do concello de Vila de Cruces o acceso ao expediente actualizado do P.E. Mesada.

03/09/2021. Preséntanse 1.119 alegacións solicitando a revisión da Declaración de Impacto Ambiental do PE Mesada, diante de Vicepresidencia segunda e Consellería de economía, empresa e innovación, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

25/11/2021. Por medio dunha instancia xeral solicítase no rexistro do concello das Cruces:

- Toda a documentación do P.E. Mesada, especialmente as últimas modificacións.
- Información sobre as accións levadas a cabo polo concello tras a contestación que a empresa Green Capital Power lle deu á alegación presentada polo concello en contra do P.E. Cunca.

Achégase informe complementario no [Anexo II.5](#) ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 7. P.E. VILARTOXO

Expediente Nº. IN408A 2019/44

Administración tramitadora do procedemento: Xunta de Galiza

Concellos: A Baña e Val do Dubra

Entidade denunciante: Asociación San Román-Vento Libre do Val do Dubra

Enderezo electrónico: xoseiglesias@gmail.com

Tfno.: +34 699545391

Descrición dos feitos:

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia inadmitiu unha solicitude de información da veciñanza afectada polo P.E. Vilartoxo na que se pedía confirmación da existencia dun informe negativo da Xunta relativo ao Parque eólico de referencia, logo de aparecer en prensa información que apuntaba á existencia de dito informe.

TRES MESES despois de ter requirido á Xunta confirmación de que o concello emitira certificado de exposición pública do proxecto eólico, que obrigatoriamente debe emitir (neste caso, Val do Dubra) para certificar que cumpriu con dito trámite, a Xunta contesta indicando que non recibiu tal certificado do concello. Previamente, ante a demora da resposta da Xunta, a veciñanza viuse obrigada a presentar queixa na Valedora do Pobo. Foi despois da presentación desta queixa que a Xunta deu resposta.

Actualmente, o expediente xa superou a fase de exposición pública e atópase en fase de análise técnica do expediente polo órgano ambiental da Xunta.

Datas relevantes:

26.10.2021. O xornal *La Voz de Galicia* publica que a Xunta informa negativamente ao proxecto parque eólico Vilartoxo, e por tal motivo, realízase solicitude de información ante Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Ligazón da nova:

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/negreira/2021/10/25/comarca-recibe-proyectos-parques-eolicos-nuevas-movilizaciones/0003_202110S25C3991.htm

16/11/2021. A Dirección Xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia inadmite a solicitude de acceso á información solicitada por José Manuel Iglesias Iglesias, por non existir tal información "informe negativo da Xunta en relación ao PE de Vilartoxo".

03/12/2021. Solicitude de información ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía , Empresa e Innovación, sobre a emisión do certificado de exposición pública emitido polo Concello de Val do Dubra relativo ao expediente de solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Vilartoxo, nos concellos da Baña e Val do Dubra (A Coruña) (expediente IN408A 2019/44), publicado no DOG Núm. 172, 7 de setembro de 2021. Neste escrito tamén se solicita información sobre o lugar e o prazo no que dito proxecto estivo exposto no referido concello. Esta solicitude de información non recibiu resposta.

15/02/2022. Presentación de Queixa na Valedora do Pobo ao non ser respondida a súa solicitude de información por parte de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de data 03/12/2021.

17/02/2022. A Valedora do Pobo admite a trámite a queixa e abre expediente con número C.8.Q/597/22. A queixa a día de hoxe está sen resolver.

23/03/2022. Contestación á solicitude de información en relación coa exposición pública do proxecto Parque Eólico de Vilartoxo, por parte da Subdirectora Xeral de Enerxía, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, na que certifica que non lle consta que o Concello de Val do Dubra teña remitido certificado acreditativo de ter exposto o expediente no concello, como prevé a normativa ambiental.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.6 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 8. P.E. BOURA

Expte. nº PEol-337AC

Administración tramitadora do procedemento: Administración do Estado (MITECO)

L.A.T 132kV Ventisca-Borrasca

Entidade denunciante: Plataforma Alto Miño Eólica Así Non

E-mail: altominhoeolicaasinon@gmail.com

Descrición breve dos feitos:

Ausencia de información e comunicación cos veciños e afectados, non se notificou nin se fixo público por medios facilmente accesibles o proxecto das instalacións, tanto do parque eólico como das liñas de alta tensión. O feito de ser un expediente de acceso unicamente telemático fixo que tivese escasa eficacia de cara a poder ser consultado pola veciñanza, xa que para a poboación local, por costume e por razóns de idade, supuxo graves dificultades de acceso á información.

Falta de concreción das fincas afectadas. Falta de participación cidadá. Falta de exposición pública nos concellos antes da finalización do prazo de alegacións.

Vulneración do dereito de información da veciñanza ao non remitir a copia física a exposición pública ao tempo que se publicaba o enlace co expediente, senón cando xa vencía o prazo de alegacións (o que privaría do acceso ao non dispoñer de medios para ver o expediente dixital).

Datas relevantes:

18/08/2021. BOE. Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización Administrativa do P.E. Boura:

<https://www.boe.es/boe/dias/2021/08/18/pdfs/BOE-B-2021-35951.pdf>

24/08/2021. BOP. Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización Administrativa do P.E. Boura:

<https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/24-08-2021.pdf#page=27>

29/09/2021. Fin de prazo de alegacións segundo BOE.

04/10/2021. Fin de prazo de alegacións segundo BOP.

30/09/2021. Rexistro de entrada do Proxecto no Concello de A Pastoriza tras ser vencido prazo de exposición pública no Ministerio de Transición Ecolóxica.

Caso nº 9. P.E. MONZÓN

Expte nº PEol-337AC

Administración tramitadora do procedemento: Administración do Estado (MITERD)

L.A.T 132kV Ventisca-Borrasca

Entidade: Plataforma Alto Miño Eólica Así Non

E-mail: altominhoeolicaasinon@gmail.com

Descrición breve dos feitos:

Ausencia de información e comunicación cos veciños e afectados, non se notificou nin se fixo público por medios facilmente accesibles o proxecto das instalacións, tanto do parque eólico como das liñas de alta tensión. O feito de ser un expediente de acceso unicamente online fixo que tivese escasa eficacia xa que para a poboación local, por costume e por razóns de idade, supuxo graves dificultades de acceso á información.

Falta de concreción das fincas afectadas. Falta de participación cidadá. Falta de exposición pública nos concellos antes da finalización do prazo de alegacións.

Vulneración do dereito de información da veciñanza ao non remitir a copia física a exposición pública ao tempo que se publicaba o enlace co expediente, senón cando xa vencía o prazo de alegacións (o que privaría do acceso ao non dispoñer de medios para ver o expediente dixital).

Datas relevantes:

18/08/2021. BOE. Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización Administrativa do P.E. Monzón:

<https://www.boe.es/boe/dias/2021/08/18/pdfs/BOE-B-2021-35951.pdf>

24/08/2021 BOP. Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización Administrativa do P.E. Monzón:

<https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/24-08-2021.pdf#page=27>

29/09/2021. Fin de prazo de alegacións segundo BOE.

04/10/2021. Fin de prazo de alegacións segundo BOP.

30/09/2021. Rexistro de entrada do Proxecto no Concello de Meira para a exposición pública, tras ser vencido prazo de alegacións no Ministerio de Transición Ecolóxica.

Caso nº 10. P.E. VENTISCA

Expte nº PEOL-337AC

Administración tramitadora do procedemento: Administración do Estado (MITECO)

L.A.T 132kV VENTISCA-BORRASCA

Entidade: Plataforma Alto Miño Eólica Así Non

E-mail: altominhoeolicaasinon@gmail.com

Descrición breve dos feitos:

Ausencia de información e comunicación cos veciños e afectados, non se notificou nin se fixo público por medios facilmente accesibles o proxecto de instalación tanto do parque eólico como das liñas de alta tensión. O feito de ser un expediente de acceso unicamente online fixo que tivese escasa eficacia xa que para a poboación local, por costume e por razóns de idade, supuxo graves dificultades de acceso á información.

Falta de concreción das fincas afectadas. Falta de participación cidadá. Falta de exposición pública nos concellos antes da finalización do prazo de alegacións.

Vulneración do dereito de información da veciñanza ao non remitir a copia física a exposición pública ao tempo que se publicaba o enlace co expediente, senón cando xa vencía o prazo de alegacións (o que privaría do acceso ao non dispoñer de medios para ver o expediente dixital).

Datas relevantes:

18/08/2021. BOE. Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización Administrativa do P.E. Ventisca:

<https://www.boe.es/boe/dias/2021/08/18/pdfs/BOE-B-2021-35951.pdf>

24/08/2021. BOP. Anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de autorización Administrativa do P.E. Ventisca:

<https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/24-08-2021.pdf#page=27>

29/09/2021. Fin de prazo de alegacións segundo BOE.

04/10/2021. Fin de prazo de alegacións segundo BOP.

30/09/2021. Rexistro de entrada do proxecto no Concello de Meira para a exposición pública, tras ter vencido prazo de alegacións no Ministerio de Transición Ecolóxica.

Caso nº 11. P.E. PENA DO PICO

Expediente Nº. IN408 2018/10

Concellos: Becerreá

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

A entidade ecoloxista ADEGA tivo que agardar SEIS MESES para poder acceder á documentación relativa ao expediente do Parque Eólico Pena do Pico, logo de verse obrigada a acudir á Valedora do Pobo ao non ter resolta a súa solicitude en prazo. Tras seis meses de agarda para ter acceso ao expediente, exclúese da consulta de ADEGA toda información relativa ás capacidades legais, técnicas e económicas presentada pola empresa solicitante e só se lle dá acceso á documentación que constaba no expediente na data en que esta entidade fixo a solicitude de acceso á información, é dicir, en data do 10/11/2020, negándolle así acceder á documentación máis recente presente no expediente.

Datas relevantes:

10/11/2020. Solicitude de acceso a información sobre expediente Parque Eólico Pena do Pico, diante da Xefatura territorial de Vicepresidencia Segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia.

04/01/2021. Pago de taxas para obtención de copias, por requirimento da Xunta, ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

02/02/2021. Notificación de traslado a terceiros da solicitude de acceso á información por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, dando 15 días para presentación de alegacións.

04/03/2021. Transcorrido un mes desde a notificación de traslado a terceiros, ADEGA advirte á Xunta do transcurso do prazo e reitera a súa solicitude de acceso ao expediente.

14/04/2021. A Valedora do Pobo notifica recepción do escrito de queixa contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude presentada ante a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, dando lugar ao Expte. RSCTG 35/2021.

24/05/2021. Resolución de acceso á información e recoñecemento da condición de interesada a ADEGA por parte de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Indícase que a documentación á que se dá acceso é só a "aquela que consta no expediente ata a data de solicitude de acceso" (documento de alcance e EIA elaborado polo promotor) e exclúese do acceso a información relativa á capacidade legal, técnica e económica da empresa solicitante.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.7 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 12. P.E. SERRA DO COLMO

Expediente Nº. IN408A/2020/86

Concellos: Becerreá

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

A entidade ecoloxista ADEGA tivo que agardar DEZ MESES para poder acceder á documentación relativa ao expediente do Parque Eólico Serra do Colmo, logo de verse obrigada a acudir á Valedora do Pobo ao non ter resolta a súa solicitude en prazo e atoparse co silencio administrativo da Xunta. A Valedora do Pobo confirma recibo da queixa CINCO MESES despois de tela presentado a través do formulario que existe a tal efecto. Obtense acceso ao expediente DEZ MESES despois de telo solicitado formalmente, pero exclúese da consulta de ADEGA toda información relativa ás capacidades legais, técnicas e económicas presentadas pola empresa promotora do parque e só se lle dá acceso á documentación que constaba no expediente na data en que esta entidade fixo a solicitude de acceso á información, é dicir, hai DEZ MESES, o

10 de novembro de 2020, negándolle deste xeito acceder á documentación máis recente que consta no expediente.

Datas relevantes:

10/11/2020. Solicitud de acceso a información sobre expediente Parque Eólico Serra do Colmo, diante da Xefatura territorial de Vicepresidencia Segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia.

04/01/2021. Pago de taxas para obtención de copias, por requirimento da Xunta, ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

02/02/2021. Notificación de traslado a terceiros da solicitude de acceso á información por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, dando 15 días para presentación de alegacións.

04/03/2021. Transcorrido un mes desde a notificación de traslado a terceiros, ADEGA advirte á Xunta do transcurso do prazo e reitera a súa solicitude de acceso ao expediente.

07/04/2021. Ante o silencio administrativo da Dirección Xeral de Planificación Enerxética, da Xunta, ADEGA presenta queixa na Valedora do Pobo, que confirma a recepción da mesma por correo electrónico con data 07.04.2021, ás 21:35 horas.

20/09/2021. CINCO MESES despois de ser presentada a queixa, a Valedora do Pobo notifica recepción do escrito de queixa contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude presentada ante a Vicepresidencia Segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, dando lugar ao Expte. RSCTG 99/2021.

22/10/2021. Resolución de acceso á información e recoñecemento da condición de interesada a ADEGA por parte de Vicepresidencia Segunda e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.8 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 13. REPOTENCIAMIENTO DO P.E. CORME

Expediente Nº. OW111005100ES

Concellos: Ponteceso

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

A entidade ecoloxista ADEGA tivo que agardar SETE MESES para poder acceder á documentación relativa ao expediente de Repotenciamento do Parque Eólico de Corme, logo de verse obrigada a acudir á Valedora do Pobo ao non ter resolta a súa solicitude en prazo, e ter que agardar dous meses a maiores, tras resolución positiva de acceso, para poder consultar o expediente por mor da oposición de terceiros.

Dado que existiu oposición de terceiros (promotora EDP Renovables) con "dereitos afectados ao acceso á información solicitada", o acceso a dita información non pode ser efectivo ata que transcorra o prazo ao que fai referencia o artigo 22.2 da Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Esta disposición resulta vantaxosa para a parte promotora, por canto a súa simple manifestación de oposición ao acceso á información pública do/a solicitante, estea ou non fundamentada, adía como mínimo DOUS MESES o acceso efectivo á información contida no expediente por parte do solicitante. Neste dous meses, o expediente pode acadar resolución sen que a persoa física ou xurídica interesada con resolución favorable de acceso poda finalmente acceder ao expediente antes de ser resolto. Esta casuística é unha das máis frecuentes.

Datas relevantes:

30/04/2021. Solicitude de acceso a información sobre expediente Parque Eólico Repotenciamento Corme.

28/05/2021. Comunicación de traslado a terceiros da solicitude de acceso á información, neste caso á promotora EDP Renovables España S.L, dando prazo de alegacións de 15 días.

12/07/2021. Presentación de queixa na Valedora do Pobo que deu lugar a expediente T.6. Q/7332/21 contra a falta de resolución da solicitude de acceso a información por parte da Dirección Xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia.

01/09/2021. Resolución sobre solicitude de acceso á información pública. Dada a existencia de oposición de terceiros, non se poderá acceder ao expediente ata vender o prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación por se cabe interpoñer por terceiras partes recurso contencioso-administrativo.

02.11.2021. Data a partir da cal se ten acceso ao expediente. Porén, non se produce máis notificación por parte da Xunta.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.9 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 14. P.E. PICATO

P.E. PICATO

Expediente A.I. Nº. AIP-EN-SC-2021-162

Concellos: Lugo.

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

Tanto a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como a Xefatura Territorial de Lugo de Vicepresidencia Segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia seguen a desestimar todas as solicitudes de acceso á información relativas a proxectos eólicos por silencio administrativo e non dan resposta ata que reciben apercibimento por parte da Valedora do Pobo.

Neste caso, tras ter sido trasladada consulta a terceiros sobre a solicitude de ADEGA de acceso á información contida no expediente non se obtivo máis comunicación da Xunta, dando por desistida a solicitude por silencio administrativo.

Datos relevantes:

22/12/2021. Solicitud de acceso á información contida no expediente relativo ao P.E. Picato diante da Xefatura territorial de Lugo de Vicepresidencia Segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

14/01/2022. Notificación da Xefatura Territorial de Lugo de traslado a terceiros da solicitude de acceso á información de ADEGA relativa ao PE Picato. Transcorridos DOUS MESES desde esta notificación non se ten resposta por parte da Xefatura territorial de Lugo de Vicepresidencia Segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación, nin a día de hoxe existe resolución estimatoria ou desestimatoria da solicitude de acceso á información.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.10 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 15. P.E. SERRA DE LIÑARES

Expediente nº Clave: (LU-11/146-EOL) 2011/0166

Concellos: A Fonsagrada, Negueira de Muñiz.

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

Tanto a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como a Xefatura Territorial de Lugo de Vicepresidencia Segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia seguen a desestimar todas as solicitudes de acceso á información relativas a proxectos eólicos por silencio administrativo, e non dan resposta ata que reciben apercebimento por parte da Valedora do Pobo. Isto dá constancia da vulneración sistemática dos dereitos de acceso á información pública e de participación cidadá por parte do goberno autonómico en canto aos expedientes administrativos de autorización de proxectos eólicos, obrigando constantemente á cidadanía a recorrer á Valedora do Pobo para poder acceder á información solicitada, cun resultado vantaxoso para as promotoras, porque a Xunta favorece as condicións polas que se retrata o acceso

da cidadanía aos expedientes, mentres que paralelamente estes seguen avanzando na súa tramitación.

No caso do P.E. Serra de Liñares, só despois de recorrer á Valedora do Pobo, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta deu acceso parcial ao expediente, outorgando a ADEGA a condición como parte interesada, pero sen emitir a copia dixital do expediente, tal e como se requiría na solicitude. A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, emite copia parcial do expediente relativo ao Parque eólico Serra de Liñares, a pesar de ter sido solicitada expresamente a copia íntegra do expediente, ter pagado previamente as taxas correspondentes e ter que agardar TRES MESES para obter resposta. Esta situación adoita repetirse con frecuencia, obrigando a ADEGA a presentar recorrentemente a oportuna reclamación diante da Dirección Xeral de Planificación enerxética e diante da Comisión de Transparencia da Valedora do Pobo. Tal recorrencia na falta da dilixencia da Xunta suxire que utiliza estas tácticas de demora e obstrución ao acceso á información intencionadamente. A última solicitude presentada por ADEGA reclama á dirección xeral de Planificación Enerxética que indique cal é a forma efectiva de acceder ao expediente ao ser ADEGA unha entidade que está obrigada a relacionarse electronicamente coa administración pública e ter a condición de interesada, sen que ata o momento se obtivese resposta por parte deste organismo.

Datas relevantes:

15/12/2021. Resolución da D.X. Planificación Enerxética da Xunta pola que se dá publicidade á Declaración de Impacto Ambiental relativa ao parque eólico Serra de Liñares.

25/01/2021. ADEGA paga as taxas para a obtención de copia dixital do expediente.

28/01/2022. Solicitude de ADEGA de acceso á información contida no expediente do parque eólico Serra de Liñares, copia dixital e de consideración de ADEGA como parte interesada no expediente deste proxecto que xa conta con Declaración de Impacto Ambiental favorable por parte da Xunta de Galicia. Transcorridos DOUS MESES da solicitude non se ten resposta por parte da Xefatura territorial de Lugo de Vicepresidencia Segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

23/03/2022. Notificación da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais recoñecendo a ADEGA como parte interesada no expediente, pero sen achegar a copia dixital do expediente íntegro, tal e como fora solicitado, sen xustificar por que non se emite tal copia. Só se achega ligazón para descargar do documento da Declaración de Impacto Ambiental do proxecto, que xa foi publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) o pasado 15 de decembro de 2021.

28/03/2022. Escrito de reclamación de ADEGA presentado diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais por non emitir copia dixital íntegra do expediente relativo ao parque eólico Serra de Liñares, malia estaren as taxas correspondentes xa pagadas. ADEGA tamén presentou queixa na Comisión de Transparencia da Valedora do Pobo.

29/04/2022. Ao non ter recibido copia dixital do expediente, ADEGA presenta nova solicitude de acceso electrónico ao expediente. Despois de UN MES desde que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais recoñecese a ADEGA a condición de interesada no expediente relativo ao P.E. Liñares non indica como se pode acceder de forma efectiva ao mesmo, polo que ADEGA solicita a esta dirección xeral que, na súa condición de interesada, e como entidade que se relaciona coa administración pública a través de medios electrónicos, se lle outorgue un enderezo electrónico ou canle de acceso dixital ou electrónico á documentación contida no expediente de referencia. A día de hoxe non se ten recibido resposta á dita solicitude.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.11 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 16. P.E. CHAO DO MARCO

Número Expediente: (LU-11/144-EOL)

Concellos: Becerreá.

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

Tras SEIS MESES sen obter resposta da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais sobre a solicitude de consideración como parte interesada e acceso á información contida no expediente de autorización relativo ao Parque Eólico Chao do Marco, ADEGA presenta queixa na Valedora do Pobo contra a Xunta polo incumprimento das leis de transparencia e acceso á información pública e ambiental. Tras a presentación desta queixa e o requirimento de atención á solicitude que a Valedora do Pobo fai diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética, esta notifica a ADEGA que se lle recoñece a condición de interesada no expediente de referencia. Porén, non responde á solicitude de acceso ao contido íntegro do expediente, nin indica ningunha ligazón nin referencia de localización onde ADEGA tería acceso ao expediente completo. Tras a notificación da Xunta, ADEGA reclama de novo ante este organismo (D.X. Planificación Enerxética) que se lle dea acceso efectivo ao expediente o antes posible na súa condición de interesada. A día de hoxe, a Xunta aínda non indicou a ADEGA como acceder de forma efectiva ao expediente no que figura como parte interesada.

Datas relevantes:

11/11/2021. Solicitude de acceso á información contida no expediente relativo ao P.E. Chao do Marco e solicitude como parte interesada no expediente diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de Vicepresidencia Segunda, Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

21/01/2022. Transcorridos DOUS MESES desde a presentación da solicitude, solicítase de novo o acceso ao expediente relativo ao P.E. Chao do Marco ou confirmación de que a solicitude está denegada. Dous meses despois de rexistrar este escrito, segue sen resolverse, sendo desestimada por silencio administrativo.

02/05/2022. ADEGA presenta queixa na Valedora do Pobo contra a Dirección Xeral de Planificación Enerxética por non ter respondido á solicitude de acceso á información pública relativa ao expediente do P.E. Chao do Marco nin tampouco á solicitude de consideración como parte interesada no expediente.

09/05/2022. A Valedora do Pobo remite acuse de recibo da queixa presentada por ADEGA.

20/05/2022. ADEGA recibe notificación da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais que lle foi recoñecida a condición de interesada no expediente e que

“será consultada na exposición pública do proxecto, notificaráselle a Declaración de Impacto Ambiental e a Resolución que se dite unha vez concluído o procedemento de autorización do referido parque eólico”.

24/05/2022. ADEGA presenta diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais solicitude dunha ligazón de acceso a toda a documentación contida no expediente do P.E. Chao do Marco para dar cumprimento ao acceso efectivo ao expediente o antes posible, ou que dispoña, en calquera caso, a solución que mellor conveña para dar acceso efectivo a ADEGA, na súa condición de interesada, ao expediente de referencia.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.12 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 17. SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN SOBRE O "PLAN DE CONSERVACIÓN Y RECUPERACIÓN DE *CENTAUREA ULTREIAE* EN EL ENTORNO DEL MONTE CASTELO" (NO CONTEXTO DA TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A IMPLANTACIÓN DPO P.E. BUSTELO).

Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Consellería de Medio Ambiente da Xunta.

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

Con data 26/11/2020, e en atención a que na Declaración de Impacto Ambiental do parque eólico Bustelo, aparece referencia ao “Plan de Conservación y recuperación de *Centaurea ulreiae* en el entorno del Monte Castelo”, como medida compensatoria presentada pola promotora, a entidade ecoloxista ADEGA solicita ao órgano ambiental competente (Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta) acceso ao contido do Plan de Conservación, xunto con todos os informes e requirimentos técnicos asociados. Por outra parte, lembra á administración autonómica que desde 2010 ten pendente de aprobación e publicación o “Plan integral de recuperación e conservación de especies vexetais en perigo de extinción da zona de Bergantiños (*Centaurea ulreiae* Silva Pando

e *Euphorbia polygalifolia* Welw. ExBoiss)“ polo que se dispoñen medidas de recuperación e conservación destas plantas endémicas.

A *Centaurea ulreia* é unha planta endémica que só se atopa na área de afectación do P.E. Bustelo, sendo a súa única área de distribución en todo o mundo. Pese a que existe un plan integral de recuperación, aínda non foi aprobado, pero si foi posto á disposición da empresa promotora do parque eólico Bustelo para, a partir deste, realizar un plan de recuperación e conservación desta planta endémica na contorna do Monte Castelo, afectada polo proxecto eólico, podendo estar incorrendo mesmo nun delito por outorgar á empresa información privilexiada.

A solicitude de acceso á información foi desestimada por silencio administrativo.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.13 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 18. SOLICITUDE DE INFORMACIÓN SOBRE PERMISOS DE ACCESO E CONEXIÓN Á REDE EN GALICIA.

Organismo: *Dirección General de Política Energética y Minas, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

Con data 20/10/2021, e en atención a que proximamente se acadar os fitos ou prazos límite marcados polo Real Decreto-Lei 23/2020, de 23 de xuño, para a obtención por parte das promotoras eólicas para obtención de permisos e as declaracións de impacto ambiental e outras autorizacións preceptivas, a entidade ecoloxista ADEGA formula solicitude de información sobre varias cuestións concretas: “Relación de proyectos de enerxías renovables no activos para los que se ha solicitado permiso de acceso a la red eléctrica española en Galicia, entre el 28 de diciembre de 2013 y el 31 de diciembre de 2017...”; “Relación de proyectos de enerxías renovables no activos para los que se han solicitado permisos de acceso a la red eléctrica española en Galicia, con posterioridad al

31 de diciembre de 2017 y antes de la entrada en vigor del real decreto ley 23/2020, de 23 de junio...”, etc.

A solicitude de información foi desestimada por silencio administrativo.

Datos relevantes:

20/10/2021. Copia da solicitude de información presentada no Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

26/11/2020. Copia da solicitude de información presentada ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.14 ao presente escrito de denuncia.

Caso nº 19. ADIAMENTO DE ACCESO Á INFORMACIÓN EN BASE Á OPOSICIÓN DE TERCEIROS.

P.E. NEBOADA

Expediente A.I. Nº. AIP-EN-SC-2021-04

Concellos: Vilamartín de Valdeorras, A Rúa e Quiroga.

P.E. SERRA DO FURCO

Expediente A.I. Nº. AIP-EN-SC-2021-05

Concellos: Becerreá.

P.E. TREBOADA

Expediente A.I. Nº. AIP-EN-SC-2021-07

Concellos: San Xoán de Río, A Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa, Castro Caldelas, Ribas de Sil.

P.E. SERRA DE PIÑEIRA

Expediente A.I. Nº. AIP-EN-SC-2021-08

Concellos: Baralla e Láncara

Entidade denunciante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)

Enderezo electrónico: adega@adega.gal

Tfno.: +34 981570099

Descrición breve dos feitos:

Nestes catro casos, a entidade ecoloxista ADEGA tivo que agardar CINCO MESES para poder acceder á documentación relativa aos expedientes citados. A singularidade destes casos, é que pese á resolución favorable do departamento de Industria para poder acceder á documentación solicitada, este acceso non se puido facer efectivo nese momento, dada a existencia de oposición de terceiros (isto é, as empresas promotoras dos proxectos eólicos), polo que se aplica o artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso e bo goberno. Este artigo di:

2. Si ha existido oposición de tercero, el acceso sólo tendrá lugar cuando, habiéndose concedido dicho acceso, haya transcurrido el plazo para interponer recurso contencioso administrativo sin que se haya formalizado o haya sido resuelto confirmando el derecho a recibir la información.

Así pois, o acceso se puido facer efectivo unha vez transcorridos os DOUS MESES de prazo a maiores para poder interpoñer recurso contencioso administrativo. A simple existencia de oposición ao acceso á información solicitada por parte de terceiros ofrece vantaxes para as empresa promotoras fronte as entidades solicitantes de información, pois estando ou non xustificada dita oposición, acóllense de forma abusiva a esta disposición da Lei de transparencia e bo goberno para forzar o adiamento do acceso ao expediente administrativo relativo aos proxectos eólicos por parte da cidadanía.

Datas relevantes:

25/05/2021. Tras TRES MESES de ter presentado solicitude de acceso a información sobre expediente Parque Eólico Neboada, diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, de Vicepresidencia 2ª e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia, ADEGA recibe notificación coa resolución da solicitude acceso favorable, pero que non se pode facer efectiva ata que transcorran outros DOUS MESES a maiores.

25/05/2021. Tras TRES MESES de ter presentado solicitude de acceso a información sobre expediente Parque Eólico Serra do Furco, diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, de Vicepresidencia 2ª e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia, ADEGA recibe notificación coa resolución da solicitude acceso favorable, pero que non se pode facer efectiva ata que transcorran outros DOUS MESES a maiores.

25/05/2021. Tras TRES MESES de ter presentado solicitude de acceso a información sobre expediente Parque Eólico Treboada, diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, de Vicepresidencia 2ª e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia, ADEGA recibe notificación coa resolución da solicitude acceso favorable, pero que non se pode facer efectiva ata que transcorran outros DOUS MESES a maiores.

25/05/2021. Tras TRES MESES de ter presentado solicitude de acceso a información sobre expediente Parque Eólico Serra de Piñeira, diante da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, de Vicepresidencia 2ª e Consellaría de Economía, Empresa e Innovación, da Xunta de Galicia, ADEGA recibe notificación coa resolución da solicitude acceso favorable, pero que non se pode facer efectiva ata que transcorran outros DOUS MESES a maiores.

A documentación acreditativa dos feitos expostos inclúese no Anexo II.15 ao presente escrito de denuncia.

III.2. Contravención do Dereito da Unión na execución dos trámites de información pública por redución de prazos á metade e por falta de posta ao dispor de informes sectoriais: vulneración do disposto no artigo 6 da Directiva 2011/92/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011 relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

A Directiva 2011/92/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, dispón o que segue nos seus Considerandos 16 a 20:

“(16) A participación real do público na adopción desas decisións permítelle expresar opinións e inquietudes que poden ser pertinentes e que as autoridades decisorias poden ter en conta, favorecendo desta maneira a responsabilidade e a transparencia do proceso decisorio, e contribuíndo á toma de conciencia por parte dos cidadáns sobre os problemas ambientais e ao respaldo público das decisións adoptadas.

(17) Por conseguinte, debe fomentarse a participación pública, incluída a de asociacións, organizacións e grupos e, en particular, a de organizacións non gobernamentais que traballan en favor da protección do medio ambiente, sen esquecer, entre outras cousas, a educación ambiental do público.

(18) A Comunidade Europea asinou o Convenio da CEPE da ONU sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente («Convenio de Aarhus») o 25 de xuño de 1998 e ratificouno o 17 de febreiro de 2005.

(19) Entre os obxectivos do Convenio de Aarhus está o de garantir os dereitos da participación do público na toma de decisións en asuntos ambientais para contribuír á protección do dereito para vivir nun medio ambiente adecuado para a saúde e o benestar das persoas.

(20) O artigo 6 do Convenio de Aarhus establece disposicións en relación coa participación do público nas decisións sobre as actividades específicas enumeradas no seu anexo I e sobre as actividades non enumeradas que poidan ter un efecto significativo sobre o medio ambiente”.

O artigo 6 da Directiva, pola súa banda, e en redacción dada pola Directiva 2014/52/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 16 de abril de 2014, pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, reza como segue:

“1. Os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para asegurar que as autoridades que poidan estar interesadas no proxecto debido ás súas responsabilidades medioambientais específicas ou ás súas competencias locais ou rexionais teñan a oportunidade de expresar a súa opinión sobre a información proporcionada polo promotor e sobre a solicitude de autorización do proxecto tendo en conta, cando corresponda, os casos aos que se fai referencia no artigo 8 bis, apartado 3. A tal fin, os Estados membros designarán as autoridades que deban ser consultadas, xa sexa con carácter xeral ou en función do caso concreto. A información recabada en virtude do artigo 5 remitirase a ditas autoridades. Os Estados membros fixarán disposicións concretas para a consulta.

2. Co fin de garantir a participación efectiva do público interesado nos procedementos de toma de decisións, o público será informado por vía electrónica e mediante anuncios públicos ou outros medios apropiados sobre as seguintes cuestións nunha fase temperá dos procedementos de toma de decisión medioambientais contemplados no artigo 2, apartado 2, e, como moi tarde, tan pronto como resulte razoable facilitar a información:

- a) a solicitude de autorización do proxecto;**
- b) a circunstancia de que o proxecto está suxeito a un procedemento de avaliación do impacto ambiental e, chegado o caso, de que é de aplicación o artigo 7;**
- c) datos sobre as autoridades competentes responsables de tomar a decisión, das que poida obterse información pertinente, daquelas ás que poidan presentarse observacións ou formularse preguntas, e dos prazos para a transmisión de tales observacións ou preguntas;**
- d) a natureza das decisións posibles ou, no seu caso, do proxecto de decisión;**
- e) unha indicación da dispoñibilidade da información recollida de acordo co artigo 5;**

f) unha indicación das datas e os lugares nos que se facilitará a información pertinente, así como os medios empregados para iso;

g) as modalidades de participación pública definidas de acordo co apartado 5 do presente artigo.

3. Os Estados membros garantirán que, dentro duns prazos razoables, se poñan ao dispor do público interesado os elementos seguintes:

a) toda a información recollida en virtude do artigo 5;

b) de conformidade co Dereito nacional, os principais informes e ditames remitidos á autoridade ou ás autoridades competentes no momento no que o público interesado estea informado de conformidade co apartado 2 do presente artigo;

c) de conformidade co disposto na Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental, a información distinta da contemplada no apartado 2 do presente artigo que sexa pertinente para a decisión de conformidade co artigo 8 da presente Directiva e que só poida obterse unha vez expirado o período de información ao público interesado de conformidade co apartado 2 do presente artigo.

4. O público interesado terá a posibilidade real de participar desde unha fase temperá nos procedementos de toma de decisións ambientais contemplados no artigo 2, apartado 2 e, para ese efecto, terá dereito a expresar observacións e opinións, cando estean abertas todas as opcións, á autoridade ou ás autoridades competentes antes de que se adopte unha decisión sobre a solicitude de autorización do proxecto.

5. As modalidades concretas de información ao público (por exemplo, mediante a colocación de carteis nun radio determinado ou a publicación de anuncios na prensa local) e de consulta ao público interesado (por exemplo, mediante o envío de notificacións escritas ou mediante unha enquisa pública) serán determinadas polos Estados membros. Os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para garantir que a información pertinente sexa accesible electrónicamente por parte do público, a través de, polo menos, un portal central ou de puntos de acceso sinxelo, no nivel administrativo adecuado.

6. Estableceranse prazos razoables para as distintas fases, que concedan tempo suficiente para:

a) informar ás autoridades a que se refire o apartado 1, e ao público, e

b) que as autoridades a que se refire o apartado 1 e o público interesado se preparen e participen efectivamente no proceso de toma de decisións sobre medio ambiente de acordo co disposto no presente artigo.

7. O prazo fixado para a consulta do público interesado sobre o informe de avaliación de impacto ambiental a que se refire o artigo 5, apartado 1, non será inferior a 30 días”.

O artigo 7.5 da Directiva 2011/92/UE, tamén en redacción dada pola Directiva 2014/52/UE, dispón pola súa parte que “os Estados membros interesados determinarán as modalidades de aplicación dos apartados 1 a 4 do presente artigo, incluído o establecemento de prazos para as consultas, sobre a base das modalidades e prazos a que se refire o artigo 6, apartados 5 a 7, que deberán permitir que o público interesado no territorio do Estado membro afectado poida participar efectivamente nos procedementos de toma de decisión medioambientais contemplados no artigo 2, apartado 2, con respecto ao proxecto. A este precepto engade, finalmente, o artigo 8 da Directiva que “no procedemento de autorización do proxecto teranse debidamente en conta os resultados das consultas e a información recabada en virtude dos artigos 5 a 7”.

Ao exposto debe engadirse que o Convenio de Aarhus, no seu artigo 6.3, sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, dispón que “para as diferentes fases do procedemento de participación do público estableceranse prazos razoables que deixen tempo suficiente para informar o público de conformidade co apartado 2 supra e para que o público se prepare e participe efectivamente nos traballos ao longo de todo o proceso de toma de decisións en materia ambiental”.

Visto o contido do artigo 6 da Directiva, desde o punto de vista da vertente activa do acceso á información ambiental, materializada singularmente na execución dos procedementos de información pública a desenvolver no contexto das tramitacións administrativas de proxectos con avaliacións de impacto, cabe referirse a diversas

Sentenzas do Tribunal de Xustiza que acoutaron os termos en que os Estados membros deben configurar e executar as súas obrigacións respecto diso, e que asemade se referiron, sen deixar lugar a posibles dúbidas, ás finalidades que a Directiva persegue mediante a esixencia dos mencionados trámites.

Así, singularmente ilustrativa resulta a Sentenza do Tribunal de Xustiza, Sala Primeira, do 7 de novembro de 2019, asunto C-280/18, cuestión prexudicial exposta polo polo Symvoulio tis Epikrateias -Consello de Estado de Grecia- (ver [Anexo III do presente documento](#)). Reiterouse nesta resolución a inexistencia de normas de Dereito da Unión especificamente reguladoras dos procedementos a seguir polos Estados membros para viabilizar a participación do público na toma de decisións en materia de medio ambiente, sen esquecer, en calquera caso, a esixencia de que a normativa interna ao respecto garanta a efectividade daquel dereito da cidadanía:

“(…) o artigo 6, apartado 5, da Directiva EIA reserva expresamente aos Estados membros o dereito para determinar as modalidades precisas de información e consulta do público interesado. Nestas circunstancias, ao non existir normas fixadas polo Dereito da Unión en relación cos procedementos que han de seguir os Estados membros para cumprir coas súas obrigacións en canto á participación do público na toma de decisións en materia de medio ambiente, segundo reiterada xurisprudencia corresponde ao ordenamento xurídico interno de cada Estado membro regular ditos procedementos, sempre que non sexan menos favorables que os que regulan situacións similares de carácter interno (principio de equivalencia) e non fagan imposible na práctica ou excesivamente difícil o exercicio dos dereitos conferidos polo ordenamento xurídico da Unión (principio de efectividade) (véxase, por analogía, a sentenza do 20 de outubro de 2016, Danqua, C-429/15, EU: C:2016:789, apartado 29).

(…) Cabe lembrar que, de conformidade co artigo 6, apartado 4, da Directiva EIA, as oportunidades de participación temperá do público interesado na toma de decisións en materia de medio ambiente deben ser efectivas”.

Nesta Sentenza o Tribunal subliña a interdependencia entre os dereitos de acceso á información pública, de participación e de acceso á xustiza, destacando particularmente o feito de que da información inicial nos procesos decisorios depende a posibilidade de que o público participe dun modo real e efectivo e poida ter un acceso amplo á xustiza para impugnar a decisión final. Así mesmo e en particular, modula a discrecionalidade dos Estados membros á hora de valorar as condicións da posta ao dispor da información

mediante os principios de efectividade e equivalencia, que conducen a identificar como medios adecuados para a difusión da información aqueles que se adapten ás circunstancias concretas da colectividade que potencialmente poida resultar afectada polo proxecto.

Cabe igualmente traer a colación a Sentenza do Tribunal de Xustiza (Sala Terceira) do 24 de febreiro de 2022, recaída no Asunto C-463/20 - Namur- Est Environnement ASBL contra Région wallonne-. Na mesma pódese ler o seguinte:

“68. (...) O artigo 6 da Directiva 2011/92 establece, en particular, nos seus apartados 2 e 3, que toda a información relativa aos proxectos suxeitos á dobre obrigação de avaliación e de autorización establecida por esta Directiva deberá, dependendo do caso, comunicarse ao público ou poñerse ao dispor de leste «desde unha fase temperá dos procedementos de toma de decisións [...] e, como moi tarde, en canto sexa razoablemente posible facilitar información». Ademais, este artigo establece, no seu apartado 4, que «o público interesado terá a posibilidade real de participar desde unha fase temperá nos procedementos de toma de decisións [...] e, para ese efecto, terá dereito a expresar observacións e opinións, cando estean abertas tódalas opcións, á autoridade ou ás autoridades competentes antes de que se adopte unha decisión sobre a solicitude de autorización do proxecto».

69. Pola súa banda, o artigo 8 desta Directiva dispón que os resultados das consultas e a información recollida, en particular, grazas á participación do público deben tomarse en consideración á hora de adoptar a decisión de autorizar ou non o proxecto de que se trate.

70. Como se desprende das mentadas disposicións, as mesmas obrigan aos Estados membros a adoptar as medidas necesarias para garantir, no marco do procedemento de avaliación e de autorización dos proxectos sometidos á Directiva 2011/92, a participación do público de conformidade cunha serie de requisitos.

71. En primeiro lugar, tanto a comunicación ao público ou a posta ao dispor do público da información que sirva de base á dita participación como a posibilidade que se ofrece ao público de expresar observacións e opinións sobre tal información, así como, máis en xeral, sobre o proxecto de que se trate e sobre as súas repercusións ambientais, deben producirse desde unha fase

temperá e, en todo caso, antes de que se adopte unha decisión en relación coa autorización de tal proxecto.

72. En segundo lugar, dita participación debe ser efectiva, o que implica que o público non só debe poder expresarse de maneira útil e completa sobre o proxecto de que se trate e sobre as súas repercusións ambientais, senón tamén que debe poder facelo nun momento no que estean abertas todas as opcións.

73. En terceiro lugar, o resultado desta participación debe ser tomado en consideración pola autoridade competente á hora de decidir autorizar ou non o proxecto de que se trate”.

Considerando a normativa exposta e a xurisprudencia que nos termos citados a interpretou, cómpre destacar que neste mesmo ano 2022 (concretamente en data 21 de xaneiro), a Sala Terceira do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección Terceira, ditou Sentencia nº 17/2022, recaída en Procedemento Ordinario nº 7196/2020, documento que se achega como parte do anexo III á presente denuncia. Impugnábase en ese suposto o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 07.11.19, que aprobou definitivamente o proxecto do parque eólico de Corme G-3 (modificación substancial por repotenciación), no termo municipal de Ponteceso, promovido pola sociedade mercantil “EDP Renovables España, SLU”, como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, así como as súas disposicións normativas.

De entre todos os motivos de impugnación esgrimidos pola parte demandante, o Tribunal acolleu en particular o relativo á vulneración do disposto no artigo 36.1 da Lei estatal 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cuxo contido traspón precisamente o do artigo 6.3 da Directiva 2011/92/UE. Así se declarou dita vulneración no Fundamento Xurídico décimo sexto da Sentenza:

“(…) Pero se non ten razón aquel en ese extremo, si a ten cando afirma que os informes sectoriais teñen que obterse antes do trámite de información pública, pois así o impón o artigo 36.1 cando sinala que “esta información pública levará a cabo nunha fase do procedemento substantivo de autorización do proxecto na que estean abertas todas as opcións relativas á determinación do contido, a extensión e a definición do proxecto”, que é o mesmo que se establece no artigo 6.3 da Directiva 2011/92/UE, cando, tras ordenar aos estados membros que garantan a posta ao dispor do público de “toda a información recollida en virtude do artigo 5” (a do anexo IV sobre as características do proxecto), engade no seu apartado 4 que “o público interesado terá a posibilidade real de

participar desde unha fase temperá nos procedementos de toma de decisións ambientais”, a cuxo efecto “terá dereito a expresar observacións e opinións, cando estean abertas todas as opcións, á autoridade ou autoridades competentes antes de que se adopte unha decisión sobre a solicitude de autorización do proxecto”. Así pois, tanto a lei estatal, como a directiva citada contiñan un mandato claro en orde a conseguir os informes sectoriais antes de someter o proxecto e o estudo ambiental ao trámite de información conxunto (cada un polo seu prazo), do que resulta que quenes a él concorreron non puideron exercer de forma plena o seu dereito para participar de forma efectiva e con pleno coñecemento de todas “as opcións” que se presentaban, nun trámite que necesariamente tiña que realizarse “antes” de adoptar a decisión definitiva sobre o proxecto que se promovía. Nada impedía que quen participase nese último trámite de información pública puidesen pronunciarse sobre a documentación relativa á subestación transformadora de 20/66 kv e os seus edificios auxiliares, aínda que é verdade que non se trataba dunha nova instalación para a subministración eléctrica, senón que mantiña o punto de evacuación existente, que aproveitaba na súa totalidade, como se informou o 22.03.17.

En suma, volve ter razón o letrado dos demandantes ao reprochar que o trámite de información pública non pode ter lugar sen que obren no expediente os informes sectoriais, do que resulta que este último motivo de nulidade (o sétimo da demanda), teña que ser acollido”.

O Consello da Xunta de Galicia, por tanto, aprobou definitivamente o proxecto de repotenciación do parque, a pesar de que durante a tramitación e na fase de información pública non se puxeron ao dispor da cidadanía todos os informes sectoriais. A vulneración da Directiva, pois, resulta evidente e manifesta.

Dita práctica -non poñer ao dispor da cidadanía no trámite de información pública os informes sectoriais- ampárase pola actual redacción da Lei que regula o aproveitamento eólico en Galicia. Así, tal Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, no seu artigo 33 (modificado pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia), dispón o seguinte no relativo á instrución do procedemento:

“10. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no

caso de avaliación ambiental ordinaria e, no seu caso, o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web da consellería competente en materia de enerxía. No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

11. Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou da parte da mesma que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.

12. De modo simultáneo ao trámite de información pública, a unidade responsable da tramitación realizará o trámite de audiencia e de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, solicitando, polo menos, os informes preceptivos indicados para a avaliación ambiental e de aprobación do proxecto sectorial, dando audiencia aos concellos afectados. Así mesmo, enviaranse de forma simultánea as separatas do proxecto presentado ás distintas administracións, organismos ou empresas do servizo público e de servizos de interese xeral afectados, con bens e dereitos ao seu cargo, co obxecto de que establezan o condicionado técnico procedente do proxecto de execución.

13. No caso de avaliación ambiental simplificada, realizaranse os trámites indicados na sección 2.^a do capítulo II da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, ou norma que a substitúa.

14. Aplicarase o regulado na sección 1.^a do capítulo I da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio da reactivación económica de Galicia, coa única excepción do prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de execución, que se reduce a un mes desde a recepción da solicitude. De non recibirse estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento”.

Pero a sentenza antes citada do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ademais, no seu Fundamento de Dereito décimo quinto, declarou expresamente a vulneración do anteriormente referido artigo 6.3 da Directiva pola redución a 15 días do trámite de información pública:

“Pero o que aquí interesa é reparar no prazo reducido a que se refire o apartado 4 da disposición adicional primeira da LAEGCEFCA, que establece unha excepción ao prazo xeral de 30 días previsto no seu artigo 33.7, que neste caso estivo motivada, como ordena o artigo 35.1.e) da LPACAP (xa citada), e que procedería para o referido trámite de información pública, xa que se atopa comprendido dentro da instrución do procedemento administrativo de autorización, como sinalan os artigos 75 a 83 da lei que se acaba de citar (neste último atópase tal trámite), cuxo artigo 33.1 dispón que a redución á metade nos procedementos que se declaren urxentes non afectará “á presentación de solicitudes e recursos”, condición ou excepción que non pode interpretarse de forma extensiva (artigo 4.2 do Código civil). Pero se nada impide reducir o prazo de información pública de 30 días á metade no caso da actuación tendente a obter a autorización previa e de construción- estritamente suxeita á lei de aproveitamento eólico-, non sucede o mesmo coa redución que a súa disposición adicional primeira fixo respecto dese trámite no tocante á instrución do procedemento de avaliación ambiental, que se suxeita ao disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cuxo artigo 36.1 fixa un prazo para iso non inferior a 30 días hábiles, precepto que se atopaba vixente xa desde o ano 2018, e que traspuxo, de forma tardía, a Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.

En efecto, ao referirse ao trámite de información pública, tal directiva ordenaba no seu artigo 6.3 aos estados membros que garantisen tal trámite “dentro duns prazos razoables”, termo ambiguo que felizmente se concretou coa modificación que a ese precepto lle deu o artigo 1 da Directiva 2014/51/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014, de forma tal que dispuxo que “o prazo fixado para a consulta do público interesado sobre o informe de avaliación do impacto ambiental a que se refire o artigo 5, apartado 1, non será inferior a 30 días”. E engadiu algo máis no seu artigo 2, que era a obrigaón imposta aos estados membros de traspoñer tal directiva “como moi tarde o 16 de maio de 2017”.

Xa é sabido que a consecuencia que produce a non trasposición en prazo dunha directiva é que cobre efecto directo vertical, sempre que as súas disposicións sexan claras, precisas e inequívocas, como sinalan as SsTJUE de 05.02.62, asunto C- 26/62 (“Van Gend & Loos”), 14.12.71, asunto C-43/71 (“Politi”), 04.12.74, asunto C-41/74 (“Van Duyn”), 09.03.78, asunto C-106/77 (“

Simmenthal”), e outras de cita interminable que as reproducen. Así pois, a primacía do dereito comunitario sobre o autonómico non deixa lugar a dúbidas, do que se conclúe que non fose acorde a dereito a redución do prazo de información pública á metade no procedemento de avaliación do impacto ambiental establecido no apartado 4 da disposición adicional primeira da LAEGCEFCA, xa que en ningún caso podía ser inferior a 30 días, que logo o artigo 36.1 de LEAA (tarde), precisou que serían hábiles e, por certo, tanto para o proxecto, como para o estudo de impacto ambiental.

O indicado supón unha censura ao contido desa disposición, en tanto que estende indebidamente e á marxe do ordenamento superior o prazo reducido do trámite de información pública ao procedemento de avaliación do impacto ambiental, o que esixe matizar o preceptuado no artigo 33.7, que non se verá afectado en tanto que ordena que tal trámite se realice conxuntamente tanto no tocante ao proxecto de execución, como ao estudo de impacto ambiental, aínda que coa precisión de que para o primeiro dispoñerán os cidadáns dun prazo de alegacións de 15 días, en tanto que será de 30 hábiles para alegar fronte ao estudo de impacto ambiental, e xa que non se fixo dese xeito, a consecuencia que de tal comportamento se deriva é que se teña que acoller o sexto motivo de nulidade que formula a demanda”.

En efecto, a Disposición adicional primeira da Lei eólica 8/2009, relativa a proxectos declarados de interese especial (engadida pola disposición final 7.9 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia), dispón o que segue:

“1. Poderán declararse de especial interese polo Consello da Xunta os proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas que se desenvolvan no marco de poxas para a asignación de réxime retributivo específico a instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de tecnoloxías renovables, impulsadas ao abeiro do disposto no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, ou norma que o substitúa, coa finalidade de que sexan despachados prioritariamente polos distintos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que interveñen no procedemento administrativo da súa autorización e con carácter de urxencia.

